<b>DEPARTAMENTO DE INFORMATICA</b>	<b>RELACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS</b>  <b>CURSO 2023/2024</b>	    <p><small>Avda. Monforte s/n 27500 • Tfno: 982870236 • Fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es • http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada</small></p>
--	---	---

NOME DA ACTIVIDADE:			
BREVE RESUMO	GRUPOS /NIVEIS	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
Visita a grupo Cuevas	1º 2º FP BAS	OURENSE	SEGUNDO TRIMESTRE
NOME DA ACTIVIDADE:			

BREVE RESUMO	GRUPOS /NIVEIS	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
Visita a ESEI	1º 2º FP BAS	OURENSE	TERCEIRO TRIMESTRE
<b>NOME DA ACTIVIDADE:</b>			
BREVE RESUMO	GRUPOS /NIVEIS	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
VISITA A GRUPO HOTUSA	1º CS DAW	CHANTADA-MONFORTE	SEGUNDO TRIMESTRE
<b>NOME DA ACTIVIDADE:</b>			
BREVE RESUMO	GRUPOS /NIVEIS	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
Visita al Centro Gallego de Innovación de FP	1º CS DAW	OURENSE	SEGUNDO TRIMESTRE



DEPARTAMENTO

DE

EDLG

RELACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E  
COMPLEMENTARIAS

CURSO 2023/2024



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Erasmus+



Alda Monforte s/n 27500 • tfo: 982870236 • fax: 982870244 • email: ies.val.asma@edu.xunta.es  
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma • IES Val do Asma Chantada

NOME DA ACTIVIDADE:

BREVE RESUMO	Destinatarios/as	Responsable/s e departamento/s a que pertencen	TEMPORALIZACIÓN
Axendas escolares	Alumnado e profesorado	Biblioteca, Debuxo, EDLG	setembro
Sarabela - Teatro made in Galicia	Alumnado 1º BAC	Galego, EDLG	22 setembro
Día Europeo das Linguas	2º CB de oficina	Galego, EDLG	26 setembro
Clase de Ciencias	Alumnado de primaria dos centros da contorna.	EDLG, Departamento de bioloxía e xeoloxía.	Novembro
Magosto e Xincana	Alumnado, profesorado e PND	DACE, EDLG, Alumnado 1º BAC	novembro
Día de Rosalía - Que pinta Rosalía? (marcapáxinas)	3º ESO	EDLG, Dep. Lingua Galega, Biblioteca	23 de febreiro

Actos do Entroido	Alumnado, profesorado e PND	DACE,EDLG,Música	Febreiro
Visitas de escritores	Alumnado de Bacharelato	EDLG / Departamento de Lingua Galega/ Biblioteca	2º trimestre
Día da Árbore	ESO	EDLG/ Bioloxía e Xeoloxía	21 marzo
Compra de libros e material escolar	Profesorado	EDLG,Biblioteca	Todo o curso
Charlas-conferencias	Todo o alumnado	EDLG/vicedirección	Todo o curso
Día das Letras Galegas	Todo o alumnado	DACE/ EDLG / Galego,Dep. Música/ Bib.	Semana do 17 de maio
Revista	EDLG,Biblioteca,Informática,Departamento de galego	Todo o alumnado	3º Trimestre

## DOCUMENTO Nº8: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA - DECRETO 79/2010:

### Addenda do proxecto lingüístico (art.14.4)

#### Distribución lingüística das materias

O Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece nos seus artigos 7.4, 8 e 9 a necesidade dunha oferta equilibrada de materias e módulos en lingua galega e lingua castelá nos niveis de ESO, Bacharelato e FP.

Nas táboas que seguen aparecen sombreadas as materias do artigo 7.3. (lingua vehicular predeterminada polo Decreto), así coma as materias lingüísticas coa obriga de seren impartidas na lingua de referencia (artigo 7.2).

#### Educación Secundaria Obrigatoria.

##### 1º DA ESO

Materias Lingüísticas	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3 + 1 (R)
	Lingua galega e literatura	3
	1ª Lingua estranxeira	3
	2ª Lingua estranxeira	2
	<b>Sesións totais do currículum</b>	<b>32</b>
	<b>Diferencia</b>	<b>20</b>

	Galego	Sesións	Castelán	Sesións
Materias obrigatorias con lingua asignada	Bioloxía e xeoloxía	3	Matemáticas	4 + 1 (R)
	Xeografía e historia	3	Tecnoloxía e Dixitalización	3
Proposta CCP	Educación plástica, visual e audiovisual.	2	Educación Física	2
	Titoría	1		
	Relixión/ Proxecto competencial	1		
	<b>Total galego</b>	<b>10</b>	<b>Total castelán</b>	<b>10</b>

##### 2º DA ESO

Materias Lingüísticas	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3 + 1 (R)
	1ª Lingua estranxeira	3
	2ª Lingua estranxeira	2
	<b>Horais totais do currículum</b>	<b>32</b>
	<b>Diferencia</b>	<b>20</b>

	Galego	Sesións	Castelán	Sesións
<b>Materias obrigatorias con lingua asignada</b>	Xeografía e historia	3	Matemáticas	4 + 1 (R)
			Física e química	3
			Tecnoloxía e Dixitalización	3
<b>Proposta CCP</b>	Titoría	1		
	Relixión/ Proxecto competencial	1		
	Música	2		
	Educación Física	2		
	<b>Total galego</b>	<b>9</b>	<b>Total castelán</b>	<b>11</b>

### 3º DA ESO

<b>Materias Lingüísticas</b>	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª Lingua estranxeira	3
	2ª Lingua estranxeira (optativa)	2
	<b>Total obrigatorias</b>	<b>9</b>
	<b>Sesións totais do currículo</b>	<b>32</b>
<b>Diferencia</b>	<b>23</b>	

	Galego	Sesións	Castelán	Sesións
<b>Materias obrigatorias con lingua asignada</b>	Bioloxía e xeoloxía	2	Matemáticas	4
	Xeografía e historia	3	Física e Química	2
<b>Proposta CCP</b>	Titoría	1	Educación Física	2
	Educación e valores cívicos e éticos.	1	Educación plástica, visual e audiovisual.	2
	Relixión/ Proxecto competencial	1	Música	2
	Optativa Autónoma (Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria)	3		
	<b>Total galego</b>	<b>11</b>	<b>Total castelán</b>	<b>12</b>

\*O alumnado que curse a 2ª Lingua estranxeira como optativa contará con dúas horas menos en galego (serán en francés).

### 4º DA ESO

<b>Materias Lingüísticas</b>	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª Lingua estranxeira	3
	2ª Lingua estranxeira (optativa)	3
	<b>Total obrigatorias</b>	<b>9</b>
	<b>Sesións totais do currículo</b>	<b>32</b>
<b>Diferencia</b>	<b>23</b>	

<b>Proposta reparto CCP en itinerarios (gris determinada a lingua por lei)</b>							
<b>Itinerario 1 Biosanitario</b>		<b>Itinerario 2 Científico - tecnolóxico</b>		<b>Itinerario 3 – Humanidades e CC.SS.</b>		<b>Itinerario 4 - FP</b>	
<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Bioloxía e Xeoloxía (3)	Matemáticas A (4)		Matemáticas A (4)	Latín (3)	Matemáticas A (4)	FOL (3)	Matemáticas B (4)
Xeografía e Historia (3)	Física e Química (3)	Xeografía e Historia (3)	Tecnoloxía (3)	Xeografía e Historia (3)	Economía e emprendemento (3)	Xeografía e Historia (3)	Tecnoloxía (3)

			Física e Química (3)				
Titoría (1)	EF (2)	Titoría (1)	EF (2)	Titoría (1)	EF (2)	Titoría (1)	EF (2)
Relixión/Proxecto Competencial (1)		Relixión/Proxecto Competencial (1)		Relixión/Proxecto Competencial (1)		Relixión/Proxecto Competencial (1)	
<b>Total: 8</b>	<b>Total: 9</b>	<b>Total: 5</b>	<b>Total: 12</b>	<b>Total: 8</b>	<b>Total: 9</b>	<b>Total: 8</b>	<b>Total: 9</b>

Proposta reparto CCP optativas (gris determinada a lingua por lei)			
Optativas 3 sesións		Optativas 3 sesións	
Galego	Castelán	Galego	Castelán
Educación Dixital	Expresión artística	Filosofía	Música
		Cultura Clásica	
		Oratoria	

## Bacharelato

### 1º DE BACHARELATO

Materias Lingüísticas	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª Lingua estranxeira	3
	Francés I (optativa)	4
	<b>Total obrigatorias</b>	<b>9</b>
	<b>Sesións totais do currículo</b>	<b>32</b>
	<b>Diferencia</b>	<b>23</b>

Proposta reparto CCP en itinerarios (gris determinada a lingua por lei)			
Itinerario 1		Itinerario 2	
Galego	Castelán	Galego	Castelán
Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (4)	Matemáticas (4)	Historia do Mundo Contemporáneo (4)	Matemáticas Aplicadas (4)
Filosofía (3)	Física e Química (4)	Filosofía (3)	Economía (4)
Debuxo Técnico I (4)	Tecnoloxía e Enxeñaría I (4)	Relixión/Atención educativa (1)	EF (3)
Relixión/Atención educativa (1)	EF (3)	Latín I (4)	Literatura Universal (4)
			Grego I (4)
<b>Total: 12</b>	<b>Total: 15</b>	<b>Total: 12</b>	<b>Total: 15</b>

Optativa autonómica 4h	
Galego	Castelán
Anatomía Aplicada	LPM
Antropoloxía	Debuxo Artístico I
Literatura galega do s. XX	TICS I
Cultura Científica	

\*O alumnado que curse Francés I como optativa contará con catro horas menos en galego (serán en francés).

\*\*O reparto estará condicionado á elección de materias por parte do alumnado

## 2º DE BACHARELATO

Materias Lingüísticas	Asignatura	Carga horaria
	Lingua castelá e literatura	3
	Lingua galega e literatura	3
	1ª Lingua estranxeira II	3
	2ª Lingua estranxeira II	4
	<b>Total obrigatorias</b>	<b>9</b>
<b>Sesións totais do currículo</b>	<b>32</b>	
	<b>Diferencia</b>	<b>23</b>

Itinerario 1		Itinerario 2		Optativa autonómica 4h	
Galego	Castelán	Galego	Castelán		
Historia da Filosofía (3)	Matemáticas (4)	Historia da Filosofía (3)	Matemáticas Aplicadas (4)		
Historia de España (3)	Química (4)	Historia de España (3)	Economía e Deseño de Modelos de Negocio (4)	Galego	Castelán
Xeoloxía e CC.AA. (4)	Física (4)	Historia da Arte (4)		Psicoloxía	Historia da Música
Bioloxía (4)	Debuxo Técnico II (4)	Xeografía (4)	Grego II (4)	Patrimonio de Galicia	Debuxo Artístico II
		Latín II (4)			TICS II
Relixión/Atención educativa (1)	Tecnoloxía e Enxeñaría II (4)	Relixión/Atención educativa (1)			Métodos estatísticos e numéricos
<b>Total: 12</b>	<b>Total: 8</b>	<b>Total: 12</b>	<b>Total: 8</b>		

\*O alumnado que curse Francés I como optativa contará con catro horas menos en galego (serán en francés).

\*\*O reparto estará condicionado á elección de materias por parte do alumnado

## Ciclos formativos.

### FAMILIA PROFESIONAL: ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

Proposta reparto CCP para CS.			
1º CS		2º CS	
Galego	Castelán	Galego	Castelán
FOL	Recursos humanos e responsabilidade social corporativa.	Xestión de recursos humanos	Xestión financeira
Ofimática e proceso da información	Comunicación e atención á clientela	Simulación empresarial.	Contabilidade e fiscalidade
Proceso integral da actividade comercial.	Xestión da documentación xurídica e empresarial	Xestión loxística e comercial	Proxecto.

\*O módulo de inglés, por ser unha materia lingüística impartirse, segundo indica a normativa, en lingua inglesa.

### FAMILIA PROFESIONAL: AUTOMOCIÓN

Proposta reparto CCP para FPB			
1º FPB		2º FPB	
Galego	Castelán	Galego	Castelán
CC. Aplicadas I	Comunicación e Sociedade I	CC. Aplicadas II	Comunicación e Sociedade II

Mecánica e soldadura	Preparación de superficies	Electricidade do vehículo	Mecánica do vehículo.
Amovibles			

\* Na FPB dentro do ámbito de Comunicación e CC.SS. I e do módulo de Comunicación e Sociedade II inclúense dúas horas lectivas de inglés, que serán impartidas na devandita lingua.

Proposta reparto CCP para CM			
1º CM		2º CM	
Galego	Castelán	Galego	Castelán
Mecanizado básico	Motores	Sistemas auxiliares do motor	Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo.
Circuíto de fluídos	Sistemas de carga e arranque	Sistemas de seguridade e confortabilidade	EIE
Sistemas de transmisión e freada.		FOL EIE	

## FAMILIA PROFESIONAL: INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

Proposta reparto CCP				
1º FPB		1º DAW		
Galego	Castelán	Galego	Castelán	Inglés
CC. Aplicadas I	Comunicación e Sociedade I	Programación	Linguaxe de marcas Deseño	Base de datos
Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	Ofimática e arquivamento de documentos	Fol EIE Deseño de interfaces web	Desenvolvemento Web	
2º FPB		2º DAW		
CC. Aplicadas II	Comunicación e Sociedade II	Galego	Castelán	Inglés
Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos			Despregamento de aplicacións web
		Sistemas informáticos	Contornos de desenvolvemento	

\*Na FPB dentro do ámbito de Comunicación e CC.SS. I inclúense dúas horas lectivas de inglés, que serán impartidas na devandita lingua.

### Constitución do equipo de dinamización da lingua galega

Coordinador do EDLG:

- Carmen Liz López

Profesores/as integrantes:

- Tatiana Giménez Lorenzo

- Patricia Freire Valín

- Ana M<sup>a</sup> Jorge Diéguez

- Tania Vázquez García
- Inés Araújo Gómez
- Dolores López Rodríguez
- Xosé Antón Domínguez López

#### Alumnos/as integrantes

- Dylan Gil Ferrer (1ºESO)
- Carla Vázquez López (2º ESO)
- Mateo Díaz Ledo (3º ESO)
- Breixo Moure Novoa (4º ESO)
- Cristian Vázquez Rehakova (1º FPB)
- David Rey Rigueira (2ºFPB)
- Brayan Felipe Monteiro Ferrer (1ºBAC)
- Paula Moreiras Jorge (2º BAC)
- Teresa Novoa Regal (1º C.S)
- Daniel Varela García (2º CS)
- Tamy Ferrer Gómez (2º CM)

#### Personal non docente

- Xoán Carlos Lorenzo Álvarez

### **Caracterización sociolingüística do centro**

#### **a. Contorno sociolingüístico:**



O IES Val do Asma atópase na zona central da provincia de Lugo, unha zona predominantemente rural na que o galego é a lingua de uso maioritario.

Segundo o Instituto Galego de Estatística en Galicia (datos do 2018), o resumo de datos é o seguinte:

- O 72,28% das persoas entenden moito o galego falado.
- O 16,64% das persoas escriben habitualmente en galego.
- No 22,70% dos fogares falase habitualmente só galego.
- O 23,90% das persoas de 5 a 14 anos saben falar o galego pouco ou nada.

Como se desprende dos datos unha boa parte da poboación entenden o idioma galego falado pero é unha porcentaxe minoritaria a que o escribe e ademais hai unha cifra importante de xoves que case non saben falar galego.

En canto ao uso do galego:

- O 30,33% da poboación fala sempre en galego
- O 24,21% fala sempre en castelán
- O 23,14% fala máis castelán ca galego
- O 21,55% fala máis galego ca castelán

En resumo temos que practicamente só a metade da poboación fala habitualmente en galego.

Porén na provincia de Lugo os índices son sensiblemente superiores xa que o 47,43% da poboación di falar sempre en galego e o 22,16% di falar máis en galego ca en castelán co que a nosa provincia supera en case 20 puntos (ata o 69,59%) a media de Galicia.

No comezo do curso 2023-2024 o equipo de normalización e dinamización lingüística, para contrastar estes datos, respecto a usos lingüísticos, realizou unha nova enquisa da que se desprenden os seguintes datos:

- a. Claustro de profesores (participou o 65%):

Segundo o estudo realizado polo EDLG neste curso, a lingua habitual do noso profesorado é só para un 36% o galego, predominando o castelán para o 84% . Se ben amosan unha boa capacidade para falalo o 75%, xunto a unha boa actitude para utilizalo no ámbito educativo (75%) e unha actitude indiferente o 25%. A disposición para melloralala súa capacitación tamén é entre moderada e boa , rexeitando só a mesma o 7%. Así mesmo manifesta que para impartir máis clases en galego precisaría máis recursos en galego e máis tempo para preparalo material.

**b. Alumnado (participou o 50%):**

Aínda que mantemos moito alumnado que é galego de nacemento, cada vez son máis numerosos os alumnos/as estranxeiros e polo tanto con dificultades para entender e falar o idioma galego.

Segundo o estudo realizado polo Equipo de Normalización Lingüística neste curso, os datos son os seguintes:

- A lingua habitual é só ou predominantemente o galego para o 30% e só ou predominantemente o castelán para o 34%, o resto manifesta usar o galego e o castelán por igual.
- Para comunicarse na familia habitualmente empregan o galego o 42% e o castelán o 34% e indistintamente o 19%.
- Para comunicarse no ámbito escolar usan o galego ou indistintamente galego ou castelá o 63%.
- O 59% do alumnado manifesta ter unha capacidade alta ou moi alta tanto para falar galego como para escribir en galego e só o 12%/13% respectivamente di ter moi pouca capacidade.
- A actitude para utlizalo galego no ámbito educativo é positiva para o 60% do alumnado e só moi desfavorable para o 8%.
- Para o uso de recursos bibliográficos e TICs en galego a actitude favorable baixa ao 48% e moi desfavorable para o 9%.
- Nas relacións sociais din empregar só o galego o 12%, máis galego ca castelán o 19%, sempre en castelán p 18% e castelán e galego por igual o 30%

Á vista destes datos, consideramos que é moi necesario seguir reforzando e prestixiando o papel do galego na mocidade. Con respecto a cursos anteriores non estamos mellorando senón empeorando. É necesario implicar a toda a comunidade escolar para seguir contribuíndo, na medida das nosas posibilidades, a dignificar o noso idioma e normalizar o seu uso.

### O noso centro:

O galego é a lingua habitual da documentación administrativa, do rotulado do centro e das notas informativas dos taboleiros. A lingua galega utilízase nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións. Úsase tamén o galego nas conversas que, fóra das actividades docentes, as persoas adultas do centro manteñen co alumnado, así como nas interaccións co alumnado en contextos informais e na realización das actividades extraescolares. En xeral, o galego é a lingua habitual do persoal docente e non docente do IES Val do Asma.

O Centro conta dunha dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas...) e está presente tamén na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, actividades informáticas na docencia..).

Podemos afirmar que, fóra das actividades docentes, a presenza da lingua galega na vida do centro é maioritaria e que, polo tanto, o contorno lingüístico do instituto é claramente galegófono. Neste senso, segundo o proxecto lingüístico de centro, estanse a impartir en galego as materias obrigadas polo Decreto 79/2010, DOG de 25 de maio.

### **Diagnóstico da normalización no IES**

Damos deseguido unha relación de aspectos sobre os que asentar o labor normalizador así como outra daqueles que temos que evitar ou mellorar.

### **Puntos fortes**

- A xestión administrativa do noso IES realízase en galego.

- Falando en termos xerais, o profesorado está formado e familiarizado tanto cultural como curricularmente coa lingua galega.
  - Cóntase cunha parte do profesorado que non só ten unha sólida formación en galego, senón que tivo que superar con esforzo persoal as importantes deficiencias derivadas de usar unha lingua sen normalizar (falta de recursos didácticos en galego).
  - O centro está nunha zona cun ambiente social favorable ás iniciativas normalizadoras.
  - A presenza do galego como materia específica e como variedade vehicular nunha parte do currículo percíbese como unha realidade consolidada.
  - Existe un grupo de profesores interesados na docencia en galego e na súa normalización .
  - A competencia en galego por parte do noso alumnado, especialmente na escrita, é moito mellor hoxe en día que en décadas anteriores.
- O galego é lingua de uso preferente na mocidade do concello.
- A maioría usa e ten contacto decote co galego.
- Son raros os casos de manifestación de desprezo polo uso da lingua.
- As iniciativas normalizadoras non son mal recibidas polos alumnos.
  - Existen materiais para poder desenvolver o ensino en galego nalgunhas áreas.
  - A porcentaxe de familias que lles transmiten o galego aos fillos é aínda considerable, nalgúns casos de xeito consciente e comprometido.
  - En xeral, as familias non se amosan contrarias a que os seus fillos coñezan o galego, mesmo en moitos casos isto valórase positivamente.
  - Receptividade positiva ante as actuacións normalizadoras nas familias.

- Foise estendendo socialmente unha variedade estándar do galego que debería facilitar o achegamento a este idioma de sectores e familias non galegofalantes.

### **Puntos débiles**

- Non se fomenta que as relacións orais (de carácter informativo, administrativo, etc.) entre o persoal dos centros e outros membros da comunidade educativa ou da sociedade, en xeral, se realicen en galego.
- Hai unha parte de profesorado que, malia poder impartir a súa docencia en galego, non o fai por diversas razóns.
- Non existe unha liña de actuación normalizadora xeralizada neste centro escolar.

A maior parte das actividades xiran arredor do traballo dunhas poucas persoas .  
Precísase unha maior implicación do conxunto da comunidade educativa.

- Non se estableceron relación fluídas con entidades e asociacións que desenvolven as súas actividades no entorno no que se insire o centro.
- Escaseza de actividades extraescolares deseñadas para fomentar o uso da lingua galega.
- Aínda que se organizan variadas actividades extraescolares, non hai un protocolo que incida na procura da súa conexión coa promoción da lingua e da cultura galega.
- Non existe continuidade no traballo dos distintos grupos que formaron os EDL nos sucesivos anos debido principalmente á baixa participación do alumnado e profesorado no mesmo.
- Os membros do EDL non temos a formación necesaria en planificación lingüística no ensino e mais en dinamización sociolingüística.
- Non hai contactos con outros equipos doutros centros próximos.

- A participación nos EDL é unha tarefa pouco incentivada e que se basea no voluntarismo e altruísmo dos seus membros.
- O catálogo de áreas curriculares que se imparten en galego sufriron unha importante redución no último ano.
- Carencias a nivel de materiais terminolóxicos específicos, sobre todo nas áreas de coñecemento impartidas nos ciclos.
- O profesorado do centro que pode aportar achegas ao traballo na normalización e dinamización lingüística non está coordinado arredor dun proxecto común.
- A pesar de que maioritariamente, o uso espontáneo da lingua oral en ambientes informais é o galego, a asunción acrítica do fenómeno diglósico réstalle espazos ao galego a medida que o alumnado e/ou o seu entorno social adquire cotas de complexidade.
- En moitas materias non existe material editorial en galego.
- No eido audiovisual e informático as carencias son maiores.
- Nalgunhas familias a lingua galega foi perdendo o seu papel como elemento de cohesión e/ou de identidade familiar.
- Inexistencia de canles para a aparición de 'líderes de opinión' galegofalantes que sexan modelos a imitar para a mocidade.
- Utilización escasa do galego nos ámbitos e espazos máis relacionados coa mocidade: actividades deportivas, musicais, de lecer, etc., e escasa extensión do galego nos medios audiovisuais e nas TIC (Internet, informática, chat, etc.), ámbitos e instrumentos de moito prestixio e seguimento entre a xente moza.
- Os medios de comunicación espallan modelos cara á mocidade case exclusivamente en inglés ou en castelán, pero non en galego.
- O aumento da presenza do galego provoca, nalgúns casos, un medo infundado a perder competencia na aprendizaxe doutras linguas.

- Cada vez teñen maior presenza social a mensaxes de desprezo das medidas de normalización, que acusan ós responsables de levalas a cabo de moverse unicamente por intereses particulares e de instrumentalizar a lingua.
- A falta de medios de comunicación en galego ofrece ao alumnado modelos exclusivamente en castelán, ou, cada vez máis, en inglés.
- O incremento das canles de televisión fixo decrecer o impacto que podía ter a TVG. Tampouco detectamos nesta canle unha programación que conecte coa mocidade.
- O aspecto identitario 'ser galego' é feble. Isto resta fortaleza ao usos lingüísticos en galego.

### **Obxectivos para os diversos sectores do centro**

Tendo en conta os obxectivos xerais do Plan de Normalización Lingüística, os específicos para a área do ensino, e os medios dos que dispoñemos no ENDL deste centro, propomos os seguintes obxectivos para o curso 2023-2024:

#### 1) Adecuados ó contorno sociolingüístico do centro

1.1 Participar e colaborar con outras entidades, preferiblemente da contorna, interesadas na normalización do idioma e cultura galega para que as actividades realizadas non sexan vistas como algo que comeza e remata no centro. Tentaremos crear hábitos na mocidade a fin de que se manteñan fóra do ámbito educativo.

1.2. Participar e colaborar con outros centros educativos a fin de potenciar o uso da nosa lingua fóra do centro.

#### 2) Adecuados á situación do profesorado

2.1 Continuar dotando de material en galego ao profesorado de todos os departamentos, especialmente naquelas materias que se imparten en galego. Ademais de libros procuraremos tamén a adquisición de filmes e documentais

realizados en galego ou dobrados a galego, por ser un recurso que tende a se empregar cada vez máis nas aulas.

2.2 Propoñer a todos os departamentos que inclúan nas súas programacións o coñecemento e estudo da realidade galega, da paisaxe, da cultura, tradicións, folclore, patrimonio artístico e monumental e, en xeral, de todos os aspectos que nos identifican como pobo.

### 3) Adecuados á situación do alumnado

3.1 Fomentar entre o alumnado o hábito de lectura en galego para colaborar na súa completa normalización. Este labor que comezou en cursos pasados, segue a ser un obxectivo que consideramos de especial importancia no noso centro, un dos sectores estratéxicos para o futuro do idioma. Procuraremos a colaboración de alumnado e profesorado interesado nas actividades de animación á lectura.

3.2 Presentar as novidades do momento en literatura xuvenil e continuar co labor de cursos pasados de introducilos no mundo do cómic galego, fomentar a súa lectura e coñecer os autores galegos da banda deseñada debido á súa importancia no panorama cultural galego.

### 4) Adecuados á situación lingüística do centro

4.1 Seguir colaborando na normalización do idioma no sector das novas tecnoloxías da información, tanto entre o alumnado como entre profesorado e persoal non docente.

4.2 Potenciar unha imaxe positiva do noso idioma entre todos os membros da comunidade educativa, defendéndoo e valorándoo como unha ferramenta útil, necesaria e habitual en todos os ámbitos da vida, como a mellor contribución que podemos facer desde Galicia ao enriquecemento da cultura universal. Pretendemos superar a idea de que o uso da nosa lingua se ten que reducir ao espazo familiar ou coloquial pero que non é útil nin necesario fóra destes ámbitos e que a escola pode prescindir del. Somos nós, os galegos, os únicos que podemos conservalo; é a nosa obriga e tamén o noso dereito.



4.3 Potenciar o coñecemento do patrimonio cultural e artístico galego en toda a comunidade educativa: festas tradicionais, música, cine, etc. a través de actividades de conmemoración e de campañas de información que inviten a participar a alumnado, profesorado, persoal non docente e pais.

4.4. Facilitar ao profesorado e persoal non docente que o desexe a adquisición dos coñecementos necesarios para desenvolver o seu traballo en galego.

### **Actividades a desenvolver para acadar os obxectivos fixados**

#### Para o obxectivo 1.1. e 1.2.

- Charla-conferencia a cargo dunha entidade empresarial da comarca a fin de expoñer a importancia a nivel empresarial e profesional de coñecer unha lingua como é a galega, que abre moitas portas no mundo lingüístico galego-portugués. É unha actividade que nos parece moi interesante por unir o tema da defensa da lingua ao mundo da empresa.

Destinatarios: todo o alumnado. Responsabeis : EDLG / Vicedirección.

Temporalización: 2º trimestre. Orzamento: 150 €.

#### Para os obxectivos 2.1 e 2.2

- Continuar ampliando a colección de libros, filmes e documentais en galego ou xa dobrados e proxección dalgún destes filmes ao longo do curso. Procurarase a adquisición de filmes de temática relacionada coas conmemoracións establecidas pola DOG:
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de xaneiro: Día da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.

Destinatarios: todo o centro. Responsábeis: EDLG / equipo da Biblioteca

Temporalización: aproveitaremos os últimos días lectivos antes de cada período vacacional. Orzamento: 250€

### Para os obxectivos 3.1 e 3.2

- Recibir e escoitar un autor/a galego/a para falar da súa obra, previamente lida na clase polo alumnado que vai acudir á conferencia.

Destinatarios : 1º BAC, 4º ESO. Responsábeis: EDLG / Departamento de Galego.

Temporalización: mes de marzo. Orzamento: 150€

- Magosto. IV Certame de relato curto de terror Samaín 2023

- Celebración do magosto con castañas asadas, chourizos e torresmos.

- Xincana por todo o centro, onde os alumnos teñen que superar unha serie de probas relacionadas coa cultura, xeografía e lingua de Galicia.

- Concurso de relatos curtos de terror con dúas categorías.

Destinatarios : todo o centro (magosto). Responsabeis: EDLG /Vicedirección / Dep. de

Plástica. Temporalización: novembro. Orzamento: 100€

- Entroido:

Seguindo a experiencia de anos anteriores, celebrarase unha festa do entroido no salón de actos, con algunhas destas actividades:

- recital de coplas de entroido escritas polo alumnado, que poderán ser tamén cantadas;

- festa de disfraces, desfile e concurso con representacións teatrais;

- actuación da comparsa do centro, música e baile;

- degustación de comida de entroido traída polo alumnado das súas casas , poderíase facer un concurso de sobremesas típicas do entroido.

- exposición de fotografías nos corredores do centro.

Destinatarios : todo o centro. Responsabeis: EDLG / Vicedirección / Dep. de Música.  
Temporalización: semana do Antroido. Orzamento: 200€

- Día de Rosalía

O 23 de febreiro celebraremos o Día de Rosalía.

Traballo de investigación sobre os lugares onde residiu Rosalía e visita á casa de Rosalía en Padrón, Bastabales e outros puntos de interese do roteiro rosaliano.

Concurso de debuxo: Que pinta Rosalía?

Destinatarios : alumnos de 3º ESO. Responsabeis: EDLG / Dep de plástica / Dep. Lingua Galega. Temporalización: 23 de febreiro. Orzamento: 300€

- Día da árbore

o 21 de marzo co motivo da día do árbore, colocaranse etiquetas ás arbores cos seus nomes en galego, o nome científico e características salientables dos mesmos.

- Farase tamén a herborización de follas das diferentes especies arboreas do IES.

Destinatarios : alumnos da ESO. Responsabeis: EDLG / Dep. de plástica / Dep. Bioloxía e xeoloxía/ Dep de tecnoloxía. Temporalización: 21 de marzo. Orzamento: 100€

- Semana das Letras Galegas

- Exposición nos corredores do centro de cartaces sobre a figura literaria á que no 2024 se lle adica o Día das Letras (Luisa Villalta).

Destinatarios : toda a ESO. Responsabeis: EDLG / equipo da Biblioteca / Dep. de Música. Temporalización: semana do 17 de maio. Orzamento: 50€

- Semana do cómic galego.

No primeiro trimestre faremos unha exposición de cómics en galego dispoñibles para o seu empréstimo na biblioteca co fin de animar o alumnado a ler en galego.

Adicarase unha semana da 3ª avaliación a unha campaña encamiñada a que o alumnado da ESO coñeza as novidades do mundo da ilustración galega adquiridas neste curso e mais os fondos existentes na biblioteca do centro.

- Faremos un pequeno xogo de preguntas sobre 3 ou 4 cómics seleccionados para fomentar o interese na lectura e a capacidade de observación dos alumnos.

Destinatarios : ESO. Responsabeis: EDLG / Biblioteca. Temporalización: no terceiro trimestre. Orzamento: 200€

Para os obxectivos 4.1, 4.2 e 4.3

- Interculturalidade

Unha das tarefas máis importantes que debe contemplar calquera Equipo de Normalización Lingüística é a de integrar os/as inmigrantes na nosa sociedade. Co alumnado destas características do centro facemos fincapé para a súa completa integración lingüística e cultural. Ademais de solventar calquera dúbida, pretendemos realizar gravacións con este alumnado que incorporou a nosa lingua como súa, ademais de establecer lazos de unión cos seus costumes de cada país de orixe, comidas típicas, etc. Tentaremos achegarnos ás familias para que nos falen dos seus problemas de integración, analizar en que medida aceptan o uso cotián da nosa lingua e tamén invitalos a que participen a amosarnos os seus costumes valorando a súa colaboración activa.

Temporalización: 2º e 3º trimestre. Destinatarios: Todo o centro. Departamentos: Todos os do centro. Orzamento: 0 €

- Publicación dunha revista, redactada integramente en galego na que se recollerán:
  - Reportaxes de todas as actividades realizadas durante o curso escolar.
  - Os mellores traballos de investigación que fixera o alumnado para as diferentes materias.

- Textos orixinais escritos polos alumnos: poesías, relatos curtos, breves pezas teatrais, coplas de entroido...

- Entrevistas.

- Pasatempos.

- Recomendacións e opinións dos alumnos sobre lecturas da biblioteca.

Destinatarios : todo o centro. Responsabeis: ENDL / equipo da Biblioteca / Dep. Lingua Galega e Lit. Temporalización: ó longo do curso. Orzamento: 500€

Ademais destas actividades os alumn@s participarán, na medida do posible, en todas aquelas que consideremos de interese e se oferten ó longo do curso escolar.

#### CADRO-RESUMO DAS ACTIVIDADES

Temporalización	Título actividade	Responsable/s e departamento/s a que pertencen	Destinatarios/as	Orzamento	Material necesario para realizar as actividades
setembro	Axendas escolares	Biblioteca. Debuxo. EDLG	Alumnado e profesorado		Publicación impresa
22 setembro	Sarabela. Teatro made in Galicia	Galego. EDLG	Alumnado 1º BAC	300€	Transporte
26 setembro	Día Europeo das Linguas	Galego. EDLG	2º CB de oficina	10€	Impresións a cor
novembro	Clase de Ciencias	EDLG. Departamento de bioloxía e xeoloxía.	Alumnado de primaria dos centros da contorna.	<b>25 €</b>	Material de laboratorio
novembro	Magosto e Xincana	DACE. EDLG. Alumnado 1º BAC	Alumnado, profesorado e PND	100 €	-Agasallos. Castañas, chourizos
23 de febreiro	Día de Rosalía Que pinta Rosalía?(marcapáxinas)	EDLG. Dep. Lingua Galega Biblioteca	3º ESO	100	Marcapáxinas

Febreiro	Actos do Entroido	DACE. EDLG. Música	Alumnado, profesorado e PND	200 €	-Carta. Decoración. Maquillaxe
2º trimestre	Visitas de escritores	EDLG / Departamento de Lingua Galega/ Biblioteca	Alumnado de Bacharelato	150 €	
21 marzo	Día da Árbore	EDLG/ Bioloxía e Xeoloxía	ESO	100 €	Material para facer un herbario
Todo o curso	Compra de libros e material escolar	EDLG. Biblioteca	Profesorado	300 €	-Libros. Material escolar
Todo o curso	Charlas-conferencias	EDLG/ Vicedirección	Todo o alumnado	300€	
Semana do 17 de maio	Día das Letras Galegas	DACE/ EDLG / Galego. Dep. Música/ Biblioteca	Todo o alumnado	100 €	Cartaces e murais. Libros do autor homenaxeado. Premio concurso literario.
3º Trimestre	Revista	EDLG. Biblioteca. Informática. Departamento de galego	Todo o alumnado	500 €	Publicación, impresión...
				Total: 2.185 €	

## DOCUMENTO Nº9: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.

A resolución do pasado 21 de xullo de 2022 estipulou que o centro deseñase e elaborase o POLOS Creativos curso 2023/24. Por este motivo decidimos que a liña de traballo do Plan de formación permanente do profesorado fose a didáctica. Teremos un seminario sobre o uso didáctico dos recursos audiovisuais dos Polos Creativos. O coordinador é Alejandro Ruíz Lameiro.

O orzamento previsto para a formación é de 715€

Os participantes son os seguintes:

Álvarez González, Ana Belén	Jorge Diéguez, Ana María
Blanco Sánchez, Pablo	Liz López, Carmen
Carreira López, Manuel	López Rodríguez, María Dolores
Díaz Fernández, Beatriz	Losada González, Verónica
Domínguez López, Sabela	Moreiras Ledo, María Jose
Domínguez López, Xosé Antón	Núñez Rodríguez, José Antonio
Ferreiro Collazos, Cristina	Pérez Pérez, Felisa
Freire Valín, Patricia	Rodríguez Castro, Félix César
García Varela, Alfredo	Ruíz Lameiro, Alejandro
Giménez Lorenzo, Tatiana	Vázquez Rodríguez, Javier
González López, Silvia	Vázquez Vázquez, Luis Ángel

## DOCUMENTO Nº10: PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO (FCT)

### **Coordinadora do Programa:**

María Argiz Ledo, Profesora Ensino Secundario, especialidade Administración de Empresas.

A **Formación en Centros de Traballo** desenvólvese de acordo coa *Orde do 28 de Febreiro de 2009*, onde se regula o Módulo de Formación en Centros de Traballo, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Finalidade:**

O Módulo de FCT, de acordo co establecido no *Real Decreto 1538/2006*, ten as seguintes finalidades:

Completar a adquisición de competencias profesionais propias de cada título alcanzadas no centro educativo.

Adquirir unha identidade e unha madurez profesional motivadoras para a aprendizaxe ao longo da vida e para as adaptacións aos cambios das necesidades de cualificación.

Completar coñecementos relacionados coa produción, a comercialización, a xestión económica e os sistemas de relacións sociolaborais das empresas, co fin de facilitar a inserción laboral.

Avaliar os aspectos máis relevantes da profesionalidade alcanzada polo alumnado no centro educativo e acreditar os aspectos requiridos no emprego que non poidan verificarse por exixir situacións reais de traballo.



## Calendario:

Os períodos de realización axústanse á lexislación vixente que prevé un **período ordinario** de abril a xuño, e o **período extraordinario** de setembro-décembro, de xaneiro-marzo e de abril-xuño.

No curso 2023-2024, temos planificado o **período extraordinario** de FCT, que ten como data de realización a seguinte:

*CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*: dende o 4 de Outubro ata o 14 de Decembro.

*CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS*: dende o 2 de Outubro ata o 18 de Decembro.

A planificación para o **período ordinario** é a seguinte:

*CICLO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS*: dende o 8 de abril ata o 14 de xuño.

*CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS*: dende o 5 de abril ata o 19 de xuño.

*CICLO BÁSICO MANTEMENTO DE VEHÍCULOS e CICLO BÁSICO DE INFORMÁTICA DE OFICINA*: dende o 22 de abril ata o 18 de xuño.

Para o **régime Dual de segundo Curso** o período de FCT será: dende o 8 de xaneiro ata o 14 de xuño.

## Situación:

O IES VAL DO ASMA, oferta, para o curso 2023-2024, catro ciclos en **régimen ordinario**, de 2000 horas cada un:

CM de ELECTROMECANICA DE VEHICULOS.

CS de ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

CB de MANTEMENTO de VEHÍCULOS

CB de INFORMÁTICA DE OFICINA

Conta cun ciclo **en réxime DUAL** de 2000 horas, impartidas entre o centro e a empresa según o establecido no convenio, de DESENVOLVEMENTO de APLICACIÓNS WEB.

**Entorno:**

Os ciclos que se ofertan neste IES están situados no entorno do Partido Xudicial de Chantada, aínda que a súa zona de influencia trascende dito Partido Xudicial, atendendo demandas de Concellos limítrofes ó mesmo, como son Rodeiro, Vilamarín, A Peroxa e O Saviñao.

O entorno económico e empresarial está formado por pequenas e medianas empresas situadas ó longo da zona xeográfica de influencia.

**Relación de alumnos e empresas no período extraordinario de Outubro – Decembro.**

CS de ADMINISTRACIÓN e FINANZAS:

<b>Alumno</b>	<b>Empresa</b>	<b>Concello</b>
José Alfredo Caselas Martínez	Vinigalicia, S.L.	Chantada

A carga horaria do módulo de FCT é de 380 horas distribuídas en 48 xornadas.

CM de ELECTROMECÁNICA de VEHICULOS:

<b>Alumno</b>	<b>Empresa</b>	<b>Concello</b>
Ángel Manuel Iglesias Ulla	Auto Center Taller Multimarca, S.L.	Lugo
José Rodríguez Pardo	Talleres Jeyma Rodeiro, S.L.	Rodeiro

Pablo Rodríguez Fernández	Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L.	Chantada
---------------------------	--	----------

A carga horaria do módulo de FCT é de 410 horas distribuídas en 52 xornadas.

### **Réxime Dual grupo completo**

CS de DESENVOLVEMENTO de APLICACIÓNS WEB

Trátase dun ciclo en *réxime dual* e, tal e como se recolle no seu convenio, o alumnado de segundo ano realiza a formación no centro de traballo dende o 15 de setembro 2023 ata o 14 de setembro de 2024, cunha xornada de 6 horas no centro de traballo e dúas no centro educativo, ata a finalización do curso académico. Unha vez finalizado este, o alumno realizará unha xornada de 8 horas de FCT na empresa. Dado que no curso 2022-2023 non houbo matrícula no primeiro ano deste ciclo, na actualidade non hai alumnos realizando prácticas nesta modalidade. As empresas coas que se teñen firmado este convenio son:

Empresa: IGM Web S.L.

Empresa: Room Leader S.L.

Neste curso 2023-2024 sí hai alumnado no primeiro curso, polo que se mantén o convenio o que implica que, no período de marzo a setembro de 2024 estos alumnos estarán en ditas empresas.

### **Réxime Dual de segundo ano**

Segundo o establecido na lexislación, o alumnado poderá solicitar a súa incorporación a esta modalidade ao longo do primeiro trimestre do segundo curso e, de ser seleccionado, desenvolverá as actividades na empresa no período de xaneiro a xuño.

Hai seis alumnos de segundo do Ciclo Superior de Administración e Finanzas interesados nesta modalidade.

Estase a realizar un traballo de búsqueda de empresas interesadas, centrándonos nas que xa acolleron alumnos nesta modalidade, como **Asesoría Alvarez Real**, e incluíndo a novas empresas coma **Vinigalicia, S.L., Cooperativa Aira, Grupo Hotusa** e o **Concello de Chantada** entre outras.

As actividades de formación están recollidas na carpeta do alumno/a, e supervisadas polos titores correspondentes a empresa e o ciclo formativo.

## DECRETO 86/2015 (ESO/BACH): CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA

### INTRODUCCIÓN

A concreción do plan de lectura do IES Val do Asma, a través do deseño de actividades concretas e fórmulas de intervención específicas, desenvolve cada ano o Plan de Lectura de Centro, desde o que se articulan e sistematizan todas as actuacións deseñadas polos distintos departamentos didácticos e pola biblioteca escolar.

A biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que busquen a mellora nas competencias clave de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información. É o lugar que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia armónica.

Despois de varios cursos de desenvolvemento do plan, é notorio un notable incremento do hábito lector. No presente curso escolar, tratarase de continuar coas experiencias exitosas, mesmo de acometer outras actuacións e de implantar as novidades e as ideas que vaian xurdindo ó longo do curso.

### OBXECTIVOS XERAIS E REQUERIMENTOS

Esta concreción, para ser operativa, debe ser un documento flexible, realista, consensuado e ha de facilitar o traballo docente. Debe poder ser aplicable a todos os niveis e ten que contar coa biblioteca escolar como recurso fundamental e sobre o que recae a coordinación desta concreción anual.

oDebe desenvolver a competencia lectora.

oDebe favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.

oDebe mellorar a lecto- escritura do alumnado.

oContribuir a incrementar os hábitos e o gusto pola lectura de toda a comunidade educativa.

oApoiar a adquisición das competencias clave.

oSer un apoio máis ó Plan de Convivencia do centro xa que, artellando actividades que esixan a colaboración e a implicación de moitas persoas, toda a comunidade pode participar en harmonía, aprender e desenrolar o gusto pola lectura, por os libros e por o saber en xeral.

### ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Neste momento, a maioría das accións do Plan de lectura desenvólvese en todos os cursos da ESO e FP Básicas, aínda que en Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores que non se leva a cabo a "hora de ler", si se lle ofrecen a estes alumnos todas as ferramentas e todo o apoio para incrementar igualmente o seu gusto polos libros e pola lectura en xeral.

A concreción do Plan desenrólase ó longo do todo curso académico.

## COORDINACIÓN E FUNCÍONS

1. Persoa coordinadora:

M<sup>a</sup> Dolores López Rodríguez

2. Funcions:

- Dinamizar e impulsar a súa aplicación, sempre en colaboración co equipo directivo.
- Administrar as ferramentas educativas e facilitar a utilización dos recursos da biblioteca, que estarán a disposición do profesorado que o necesite.
- Asesorar e orientar ó profesorado do centro na solución dos problemas que poidan xurdir na súa aplicación e sobre os recursos dispoñibles para o desenvolvemento desta concreción.
- É moi importante que todo o profesorado se implique no Plan de lectura, achegando ideas e desenvolvendo actividades.
- Informar ó claustro respecto das actuacións relacionadas co Plan de Lectura do centro, canalizando as súas demandas, propostas e opinións. Pedirase ó profesorado que opine sobre o Plan e faga propostas coa fin de que sexa dinámico e se sinta como un proxecto de todo o centro.
- Elaborar o calendario da "Hora de ler".
- Coordinar o club de lectura.
- Colaborar cos distintos departamentos na elaboración de material de lecto-escritura.
- Actualizar fondos da biblioteca como das bibliotecas de aula.

## ACTIVIDADES

1. Análise da situación de lectura no centro:

- Pasar ó alumnado unha enquisa anónima a principio de curso sobre os seus hábitos lectores e compárase a situación de partida coa mesma encuesta a final de curso coas actitudes cara a lectura e cos hábitos adquiridos ó longo do curso. Esta enquisa atópase o anexo correspondente do Plan de lectura.
- Tratarase de ver se a final de curso quedaron resoltos os problemas inicialmente detectados: pouca exercitación das destrezas lectoras, falta de concentración, pouco acercamento voluntario ós libros, escasa competencia léxica, preferencia polos medios audiovisuais. Neste senso hai que sinalar que dende a implantación do Plan pódense apreciar signos positivos de utilidade do mesmo, sobre todo en canto ó acercamento voluntario ós libros por parte do alumnado.

2. O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores.

- Preténdese que a biblioteca escolar sexa o espazo máis directamente vencellado á lectura, un espazo onde os alumnos encontren silencio, material, ambiente de estudio e todos os elementos que invitan ó disfrute dos libros.

- Mediante o desenvolvemento deste plan lector, as aulas e todos os espazos do centro convértense en estancias propicias para a lectura, co que se pode dicir que o ambiente lector predomina en todo o centro escolar.

- Impulsar o recuncho de lectura da biblioteca, así como buscar outros espazos favorables para a lectura.

3. Hora de ler

- Elaboración do calendario desta actuación que comprenderá todas as semanas lectivas do curso agás as anteriores as de avaliacións, debido á concentración de probas que dificulta o desenrolo desta actividade. Anexo 1

- A selección de lectura por parte do alumnado poderá ser de todo tipo, como recolle o plan anual de lectura. O profesorado responsabe do grupo nesse momento pode asesorar sobre a adecuación da lectura elexida.

- Lectura todos os días lectivos acordados durante media hora ao comenzo da sesión que corresponda. Empezarase pola primeira hora da mañá da primeira semana, e irase pasando á segunda e así sucesivamente ata chegar a sexta hora, momento onde se volverá a comenzo coa primeira hora. As tardes dos luns están exentas.

- Realización da lectura en todas clases, sin excepción e sen importar o espazo onde se desenvolvan (pavillon, talleres, laboratorio,...)

- Esta actividade realizarase nos cursos de ensino obrigatorio que se imparte no centro (ESO e FPs básicas).

- En todas as aulas de referencia dos grupos haberá unha folla de control da lectura que será completada polo delegado/a do grupo. Esta información será analizada pola persoa coordinadora. Anexo 2.

- Ao final do curso analizaranse os resultados desta actuación para melloralala na concreción do seguinte curso escolar.

4. Club de lectura

- Solicitarase o club este curso escolar.

- Haberá dous grupos composto por cinco alumnos/as cada un.

- A persoa que desenvolverá o mesmo será o membro do equipo de biblioteca Guillermo Rodríguez Vega.

- Realizaranse reunións semanais durante os recreos dos martes e xoves na biblioteca escolar durante todo o curso escolar.
- As lecturas elixidas estarán a disposición dos membros do club na biblioteca do centro.
- Poderán realizarse distintas actividades complementarias: Saídas relacionadas coas lecturas elixidas, visitas de autores, recomendacións literarias ao resto da comunidade educativa,...
- Ao final do curso realizarase a memoria correspondente a esta actuación.

#### 5. Lecto-escritura nas gardas

- Os distintos departamentos proporcionarán exercicios de lecto-escritura adecuados a cada nivel escolar.
- Para o alumnado con necesidades especiais contarase coa axuda do departamento de orientación.
- O material estará a disposición do profesorado de garda na aula para utilizar, sempre que o profesor/a ausente non deixe traballo. Estas actividades serán desenvoltas na súa totalidade na hora de garda.

#### 6. Aportacións dos departamentos

Cada departamento recolle na súa programación a súa aportación anual ao plan de lectura do centro. As actuacións xerais están recollidas no Plan de Lectura.

#### AVALIACIÓN

A análise dos resultados acadados nesta concreción reflíctese na memoria correspondente tal como recolle o Plan de Lectura do centro.

#### ANEXOS

Anexo 1: Calendario "Hora de ler"

Anexo 2: Rexistro "Hora de ler".



## **1. EQUIPO DA BIBLIOTECA E FUNCIONES**

Segundo o establecido nas instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2023-2024, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de Cultura, Educación e Universidade, a persoa responsable da Biblioteca escolar contará durante o curso 2023-2024 cun equipo de apoio de profesorado. Nós tamén contamos con alumnado voluntario.

### 1.1 Persoa responsable

- María Dolores López Rodríguez

As funcións da coordinadora serán:

- Servicio de préstamo.
- Rexistro de material.
- Realización de expurgos.
- Solicitud e supervisión do desenvolvemento do club de lectura.
- Elaboración da concreción anual do plan de lectura.
- Elaboración da concreción anual do plan de biblioteca.
- Dinamización da biblioteca :
  - Presentar a biblioteca ao alumnado novo no centro
  - realizar as actividades e plans propostos para este curso escolar
  - implicar ao resto do profesorado no desenvolvemento da biblioteca
  - dar número de lector/a a todas as persoas que se incorporan á comunidade educativa
  - mellorar as bibliotecas de aula
  - implantar novos medios dixitais de lectura
  - realizar actividades en relación ás conmemoracións que ten asignadas a biblioteca
- Elaboración de documentos para pedir proxectos durante o curso escolar.
- Colaboración co departamento de EDLG e DACE.

## 1.2 Equipo de biblioteca

A Biblioteca escolar contará durante o curso 2023-2024 cun equipo de apoio composto por 5 profesores/as:

- Carmen Sola Ananín, profesora de Xeografía e Historia.
- Guillermo Rodríguez Vega, profesor de Filosofía.
- Tania Vázquez García, profesora de Lingua Galega.
- María Fernández Parada, profesora de Economía.
- Verónica Losada González, profesora de Matemáticas.

Tamén temos o apoio sen horas de Beatriz Díaz Fernández, profesora de Lingua Castelá.

As funcións do profesorado serán:

- Servicio de préstamo.
- Rexistro de material.
- Realización de expurgos.
- Axudar á persoa coordinadora
  - Dinamización da Biblioteca
  - Club de lectura
  - Elaboración de documentos

## 1.3 Alumnado voluntario

Do mesmo xeito tamén conta cun grupo estable de 10 alumnos/as voluntarios/as de Bacharelato e a ESO:

Nía García Concheiro

Bryan Felipe Monteiro Ferrer

Dylan Gil Ferrer

Ainhoa Rodríguez Iglesias

Sonia González López

Sandra González Fernández

Marta Otero López

M<sup>a</sup> Isabel Quiceno Figueroa

Omar Meiriño Listón

Jonathan Fernández Rodríguez

O equipo de alumnos/as voluntarios/as terán as seguintes tarefas:

Colocar os libros que estean na balda "LIBROS PARA COLOCAR"

Revisar nos estantes que os libros estean no sitio que lles corresponde.

Elaborar carteis para as conmemoracións marcadas sempre baixo a supervisión da Responsable da Biblioteca e cubrindo antes o formulario previsto para tal efecto.

Calquera outra actividade que poida xurdir por iniciativa e/ou interese dos voluntarios deberá ser comunicada á responsable da Biblioteca e aceptada pola mesma. Ambas partes empregarán o formulario oficial previsto para tal efecto.

## 2. HORARIO

Horario	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
08:45- 09:35					
09:35- 10:25					
10:25- 11:15					
11:15- 11:45 (Recreo)	<b>Garda Recreo</b>	<b>Garda Recreo</b>	<b>Garda Recreo</b>	<b>Garda Recreo</b>	<b>Garda Recreo</b>
11:45- 12:35			x		
12:35- 13:25	x		x	x	
13:25- 14:15					

### Horario de apertura da biblioteca

A biblioteca permanecerá aberta durante todo o horario lectivo:

En horario de mañá de luns a venres de 08:45 ás 15:05

En horario de tarde os luns de 15:05 ás 16:45

Queda estritamente prohibido extraer da biblioteca calquera libro ou material sen permiso expreso dos profesores ao cargo da mesma.

## **Horario de préstamo de fondos**

Os préstamos realizaránse durante os cinco recreos que recolle o horario escolar do centro (11:15 a 11:45) :

Tania Vázquez García - 2 recreos (luns e venres)

Guillermo Rodríguez Vega - 2 recreos ( martes e xoves)

María Fernández Parada - 1 recreo ( mércores)

## **Horario de coordinación**

Durante o presente curso escolar contamos con tres horas de coordinación de biblioteca:

M<sup>a</sup> Dolores López Rodríguez , responsable e coordinadora do equipo.

Luns de 12:25 a 13:25, mércores de 11:45 a12:35 e xoves de 12:35 a 13:25

### 2.4 Horario de garda

Durante o presente curso escolar contamos con dúas horas de garda de biblioteca:

Verónica Losada González -1 garda: luns de 12:35 a 13:25

Carmen Sola Ananín - 1 garda: mércores de 12:35 a13:25

## **3. CONMEMORACIÓNS**

**Día das Bibliotecas (24 de outubro):** Presentación da biblioteca do centro ao novo alumnado e tamén da rede de bibliotecas de Galicia a todo o centro, tanto fisicamente como os seus versións dixitais.

**Samaín:** Decoración biblioteca coa axuda de alumnos voluntarios, concurso de relatos de terror en colaboración cos Departamentos de Galego e EDLG , Mostra libros temática misterio/terror e concurso de cabazas decoradas que deben representar persoeiros/as famosos/as e recoñecibles. Vai dirixido a todo o centro.

**Día da infancia ( 20 de novembro):** Proxección da curta " Binta y la gran idea" e reflexión guiada sobre esta temática nas titorías da ESO e FP Básica.

**Día contra á Violencia de Xénero (25 de novembro):** Elaboración de lemas sobre o 25 de novembro para o alumnado de todo o centro.

Participación no concurso convocado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

**Nadal:** Decoración das portas das aulas do centro cun poema visual con temática relacionada co nadal. Traballarase nas titorías do mes de decembro.

**Día de Rosalía (23 de febreiro):** Concurso de marcalibros sobre a figura da escritora

**Día da Muller (8 de marzo) :** Realización de biografías de mulleres relevantes de toda a historia exposición do resultado tanto nas redes como na biblioteca e no resto do centro.

**Día do teatro (27 de marzo):** Asistir a unha representación teatral.

**Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril):** Programación de encontros con con autores relevantes da literatura actual galega de todos os xéneros.

**Semana do Libro (do 22 ao 26 de abril):** Realización de Booktrailers en Tiktok/reels inspirado nun libro e nas lecturas do clube de lectura.

**Semana das Letras Galegas (do 13 ao 17 de maio):** Deseño dunha xincana para desenvolver nas horas de titoría sobre a figura de Luisa Villalta a partir do material que envía a Consellería.

E todas as demais conmemoracións marcadas polo calendario escolar farán obxecto dun mural elaborado polo equipo de voluntarios da BiblioAsma.

#### **4. ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS**

Ademáis das conmemoracións realizaremos as seguintes actividades:

**Club de lectura ( todo o curso):** Todas as posibles actividades que xurdan desde as necesidades dos compoñentes do club de lectura. Este club estará dirixido por Guillermo Rodríguez Vega durante os recreos dos martes e xoves do curso escolar. Propoñer un xogo de orientación polo centro. Temática literaria ou interdisciplinar.

Visibilizar ás mulleres do entorno: nais, veciñas, profesoras... Exposición de fotografías e artísticas no centro.

Mostra de libros adaptados ás conmemoracións.

Realización dun potcast.

Colaboración da realización da revista escolar " Camiñantes".

Recomendacións lectoras para as diferentes vacacións entre trimestres (Blogue).

Seguir co buzón de suxerencias literarias para que consten por escrito as peticións.

Realización de talleres literarios.

Así mesmo, prestarase especial atención ás seguintes actuacións:

Revisión e actualización de fondos. Trátase dunha actividade constante que permitirá a localización continua dos mesmos e evitará a perda de volumes.

Carnés lectores. Cómpre dar de baixa como usuarios da biblioteca ao alumnado e persoal docente que xa non forma parte da comunidade educativa e cómpre asignar eses e novos números de lector aos novos usuarios. Seguirase a dinámica dos últimos cursos, proporcionando un carné físico que facilite o empréstimo.

Temporalización: 1.º trimestre.

Continuación coas actividades plurianuais. Débese dar continuidade ás actividades que fomentan o hábito lector e dan vida á biblioteca escolar. O éxito das mesmas, entre as que se atopa a 'Hora de ler', vese incrementado curso a curso, erixíndose en prioridade ao longo do curso actual. No tocante á 'Hora de ler', establécese a lectura como actividade obrigatoria desde todas as materias conforme a un calendario establecido. Temporalización: todo o curso, desde setembro.

Continuar co mantemento das Bibliotecas de Aula e de Biblioteca de Aula para o Pavillón. É preciso revisar e reordenar as lecturas propostas para as bibliotecas de aula nos diferentes niveis. Enriqueceranse as bibliotecas de aula de todos os niveis con novos fondos

## DECRETO 156/2022: PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

### **1. Razóns que xustifican a necesidade desta actuación**

A poboación escolar actual caracterízase, de forma preocupante, por unha progresiva adopción de estilos de vida sedentarios e por falta de hábitos saudables na práctica de actividade física e alimentación. Na última década, varias organizacións internacionais veñen alertando desta perigosa situación como a orixe das chamadas enfermidades hipocinéticas. A propia Organización Mundial da Saúde (OMS) defínea como unha epidemia e un problema de saúde pública, facendo recomendacións para a práctica de actividade física de 60 minutos ao día en nenos e adolescentes. A crise sanitaria non fixo máis que acentuar esta situación, onde diferentes organizacións sanitarias e de protección da saúde falan dunha segunda pandemia oculta, froito de confinamentos e períodos de inactividade dunha poboación en crecemento.

Por iso cremos na necesidade de impulsar iniciativas que contribúan a revertir esta situación no entorno do noso centro. É fundamental aumentar o tempo dedicado a estas actividades dentro e fóra do horario lectivo. Este documento terá como finalidade crear o marco de referencia para a comunidade educativa do IES Val do Asma, con todas as actividades que teñan en común a práctica da actividade física, procurando a transversalidade e a coordinación entre os distintos departamentos participantes.

O obxectivo é dinamizar e promover hábitos de vida activos e saudables organizando e aproveitando os recursos do centro, así como coordinándose cos axentes do propio centro, do concello, dos clubs e entidades deportivas, etc.

### **2.- Obxectivos que se persiguen nesta actuación.**

1. Promover estilos de vida activos e saudables na comunidade educativa do centro, especialmente entre o alumnado.
2. Incrementar a actividade física que o alumnado realiza ao longo da semana dentro do horario lectivo e mediante as actividades propostas nos recreos activos. Principalmente entre os estudantes de secundaria.
3. Implicar diferentes departamentos no desenvolvemento do proxecto mediante actividades transversais entre distintas materias.

4. Coordinar e recoller nun proxecto común todas as actividades dirixidas á consecución de estilos de vida activos na comunidade educativa.

5. Crear e iniciar o desenvolvemento dun proxecto de polideportivo que englobe todas as accións e iniciativas de promoción de estilos de vida saudables.

### **3.- Medidas específicas para desenvolver.**

1. Continuar con recreos activos e parques infantís inclusivos xa que é a actividade central para aumentar a actividade física semanal en horario lectivo.

O recreo desenvólvese nun lugar ao aire libre no que as nenas e os nenos poden gozar da natureza, xogar, facer deporte, pasear, descansar, charlar, comer, beber e ir ao baño, entre outras moitas accións, que cómpre destacar que Inciden directamente no mellora da concentración e da adquisición da aprendizaxe. O recreo é tempo de lecer, tempo de xogo libre e espontáneo, ninguén está obrigado a facer nada.

O parque infantil do centro é un espazo diverso, cambiante, dinámico e rico en oportunidades de xogo, xa que cada alumno ten necesidades moi heteroxéneas. Para satisfacer as necesidades do alumnado, prográmase no patio exterior que, segundo o día da semana, se cambie o deporte e os xogadores. Porén, no pavillón cada día ofrécese todo o material do departamento de educación física para que teñan a posibilidade de descansar sobre as colchonetas, deitarse, estirarse, inventar xogos creativos, ou facer xogos colectivos, adversarios ou populares. É un lugar onde todo o alumnado do centro interactúa e xoga dun xeito diverso independentemente da idade.

O microespazo da calma e do benestar sitúase na biblioteca onde existe a posibilidade de descansar, refuxiarse, sentarse, estirarse, falar, pintar, estudar, ler un conto ou xogar a un xogo de mesa.

Fomentaranse as competicións deportivas, unha iniciativa que é apreciada polo alumnado e que conta cunha alta participación. Os profesores están sempre convidados e ben recibidos por todos os alumnos.

Tamén se promoverán na biblioteca os xogos de mesa e o xadrez nunha campaña de animación realizada polo propio alumnado e que rematará cun concurso.

2. Realizar actividades físico-deportivas en colaboración coas entidades locais e outras nacionais. (Carreira por Valdoviño, Carreira Save The Children, Roteiros



arredor, etc.). Participa co concello que ofrece actividades ao centro organizadas por Xogade

3. Analizar e propoñer xunto co equipo de comedor escolar unha serie de menús saudables (Plato Saudable).

4. Realizar pequenos estudos sobre hábitos saudables da comunidade educativa. Enquisas sobre hábitos de vida como a detección e análise da realidade social inmediata (hixiene, actitude postural, comidas principais e inxesta entre comidas, consumo de substancias tóxicas...).

5. Introducir dende a cafetería do centro estratexias para reducir o consumo de alimentos e bebidas pouco saudables e potenciar a oferta dos demais con alimentos de mellor valor nutricional.

Ao longo dunha semana faremos un horario de merendas durante o recreo.

O calendario pode ser o seguinte:

- Luns: Froita
- Martes: Bocadillos ou bocadillo
- Mércores: Lácteos ou derivados
- Xoves: Froita
- Venres libre

Con esta actividade tratarase de concienciar ao alumnado da importancia dunha alimentación suficiente e variada; que sexan conscientes de que comer ben é fundamental para practicar actividade física, entre outras cousas.

Outra actividade proposta é compartir un xantar saudable con toda a comunidade educativa. É a comida máis importante do día xa que pasou moito tempo dende a última vez que comemos. Permitiranos obter os nutrientes necesarios para afrontar todas as actividades que realizamos durante a mañá. Polo tanto, debe ser un almorzo saudable, variado e equilibrado.

Nun almorzo saudable non poden faltar froitas (uvas, melón, amorodos, kiwi), torradas con tomate e xamón, zume de laranxa, leite con cereais...

6. Participación de toda a comunidade educativa nas competicións deportivas

7. Proposta para que o profesorado que o desexe poida utilizar o pavillón fóra do horario do profesor de educación física

8. A biblioteca terá un papel no contexto dos parques infantís inclusivos e contará con taboleiros de xadrez e xogos de mesa para o seu uso no recreo.

9. Todas as actividades complementarias e extraescolares incluídas na programación anual de educación física

#### **4.- Dificultades para desenvolver o plan**

Para impulsar este proxecto de vida activa e saudable, como todos sabemos, é necesario un investimento económico e non abundan as boas intencións. Hai dous feitos relevantes na nosa comunidade que penalizan o desenvolvemento do proxecto:

a. Educación non concedeu un número suficiente de profesores para este centro, polo que o pavillón permanece pechado os mércores.

b. Este centro non conta con recursos económicos (1000 €) para mercar unha mesa de tenis. É unha actividade que é un éxito absoluto entre o alumnado. É unha nova oportunidade. Con este xogo, o alumnado soña con mostrar ganas de gozar, de compartir momentos lúdicos cos seus amigos, de esforzarse, de mellorarse...

#### **5.- Materias e Departamentos que colaboran**

Equipo Directivo

Departamento de Orientación

Educación física

Proxecto competencial en toda a ESO

#### **6.- Colaboración con outros programas/proxectos de hábitos saudables**

Fomentar entre o profesorado a participación en Proxectas e programas educativos que fomenten a actividade física así como hábitos saudables como por exemplo:

"Aliméntate ben".

Participación en Xogade en "Carreiras de orientación a pé"

Froita na escola

"Ti si que es un bo peixe"

E outras liñas de actuación que poidan crearse nos vindeiros anos académicos.

#### **7.- Vixencia**

Este Plan elabórase e apróbase para dar cumprimento ao **DECRETO 156/2022** no curso académico 2023-2024 e será revisado, modificado e ampliado según esixan as necesidades que se vaian detectando.

## **DECRETO 229/2011 (ART. 11.4 E 11.5): CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **INTRODUCCIÓN**

No DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, é responsabilidade do Departamento de Orientación elaborar a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade para cada curso escolar, en función das necesidades educativas presentadas polo noso alumnado e co obxectivo educativo de conseguir que todo el, acade o máximo desenvolvemento persoal e social posible. Isto require que se lle facilite unha educación adaptada á súa singularidade, que se lle garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se ofrezca os recursos necesarios, tanto ao alumnado como ao centro onde estean escolarizados.

Atendendo ao citado Decreto, á Orde do 08 de setembro de 2021 que o desenvolve e baseándonos no contexto sociocultural e económico no que se atopa o IES Val do Asma (Chantada) concretamos o noso Plan cun conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado e tamén as motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todos eles. Correspóndelle a comunidade educativa a aplicación destas medidas e a implicación no seu desenvolvemento.

### **IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS PARA O CURSO 2023-24**

Tal como se reflectiu no Plan Xeral de Atención á Diversidade as necesidades detéctanse e abranguen as tres etapas educativas que impartimos no Centro: ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

Clasificación destas necesidades:

Alumnado con NEE .

Alumnado con TDAH.

Alumnado con Trastorno Específico de Aprendizaxe.

Alumnado con Altas Capacidades.

Alumnado con Vulnerabilidade socioeducativa.

Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar.

Alumnado de incorporación tardía.

## **OBXECTIVOS**

- 1)** Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e en especial a aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- 2)** Atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, desde o currículo ordinario e a través de medidas ordinarias.
- 3)** Dar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- 4)** Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
- 5)** Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado, cara a inclusión social.

## **MEDIDAS ORDINARIAS**

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión de aula ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Exames de reforzo.

Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria para o alumnado exento da Segunda Lingua Estranxeira.

Reforzo educativo a cargo do profesorado con dispoñibilidade horaria para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe nas áreas de Linguaxe e Matemáticas.

Programas de Enriquecemento Curricular.

Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar.

Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Programa de Habilidades e Competencias Sociais.

## **IMPLEMENTACIÓN**

A exención da segunda Lingua Estranxeira en 1º de ESO, solicitarase na avaliación final de 6º de Educación Primaria. O/A titor/a elaborará coa colaboración da Xefa/e do Departamento de Orientación o informe que xustifica dita medida. É dicir, virá motivado dos CEIPs adscritos.

Para o alumnado que xa está matriculado na ESO, a exención da 2ª Lingua Estranxeira, poderá solicitarse ben na sesión de avaliación inicial, ben nas sesións de avaliacións extraordinarias.

O Reforzo educativo a cargo do profesorado con dispoñibilidade horaria para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe nas áreas de Lingua e Matemáticas, solicitarase na sesión de avaliación inicial do curso escolar ou na 1ª avaliación.

A solicitude de reforzo realizaraa o titor ou titora, a partir da folla-rexistro de necesidades educativas do alumnado que precisa reforzo.

Reforzaranse principalmente as áreas de máis dificultade. A área reforzada coincidirá coa que se estea impartindo nese momento no grupo-clase. Poderase utilizar o mesmo material da aula ou outro diferente, en función das características e necesidades do alumnado.

Os reforzos realizaranse prioritariamente dentro da aula, aínda que poderán aplicarse fóra sempre que estean debidamente xustificadas nas Adaptacións Curriculares.

A organización dos reforzos revisarase polo menos tres veces ao longo do curso coincidindo co final do trimestre. É aconsellable ter en conta o traballo realizado polo alumnado nos reforzos, á hora da avaliación.

A actuación didáctica levada a cabo con este alumnado será deseñada polo profesor/a da materia xunto coa profesora que imparte reforzo educativo.

O titor/a xunto coa Orientadora será o/a responsable da coordinación de dita actuación didáctica.

Os grupos serán flexibles e estarán suxeitos a cambios, dependendo da evolución e progreso individual do alumno/a ou por necesidades organizativas do Centro.

Informarase ás familias.

## **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

\*Apoio das profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ ou Audición e Linguaxe ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, con ACS ou con déficits significativos que teñen dificultade para seguir o ritmo da clase ordinaria.

\*Adaptacións curriculares: para o alumnado que precisa unha modificación dos elementos prescriptivos do currículo. Neste curso necesitarán ACS 3 alumnos/as: 1 de 1º de ESO e 2 alumnos/as de 2º ESO.

\* Agrupamentos flexibles:

1º ESO: Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

2º ESO: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e literatura e Matemáticas.

\*Programa de Diversificación Curricular en 3º ESO.

\* Atención educativa virtual.

\*Formación Profesional Básica.

**Aplicaranse unha vez esgotadas as ordinarias\*.**

## **SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

O seguimento e a avaliación do Plan de Atención á Diversidade farase en dous momentos diferenciados:

- 1) Nas sesións de avaliación trimestrais valorarase a adecuación das medidas adoptadas ás necesidades do alumnado e o seu resultado.
- 2) Ao final de curso decidirase a continuación ou modificación das medidas adoptadas, contrastando as experiencias nunha reunión entre o profesorado, valorando que medidas redundaron nunha mellor adecuación ás necesidades do alumnado e modificando aquelas que se considere necesario.
- 3) Elaboración memoria final.

## **LEXISLACIÓN**

**Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

**Decreto 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Decreto 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Decreto 114/2010** de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

**Orde do 13 de xullo de 2015**, pola que se regulan as ensinanzas de FP Básica, así como o acceso e a admisión.

**Resolución do 06 de xuño de 2023** pola que se ditan INSTRUCIÓNS para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

**Resolución do 6 de xullo de 2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

**Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

**ORDE do 10 de febreiro de 2014** pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

**Circular 9/1999** pola que se ditan instrucións para la atención á diversidade na ESO.

**Circular 8/2009**, da D.X. De Educación, F.P. E Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>

**Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.**

**Protocolo de atención educativa domiciliaria.**

**Protocolo de consenso para o TDAH no ámbito educativo e sanitario.**

**Protocolo educativo para a intervención co alumnado con TEA.**

**Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades de aprendizaxe.**

**Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais.**

**Protocolo para a atención educativa do alumnado con discapacidade auditiva.**

**Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais.**

**Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.**

**Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.**

**Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.**

**I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.**

**Protocolo de Urxencias Sanitaria.**



## ANEXO: ALUMNADO CON MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### Alumnado Exento de francés:

4 alumnos/as en 1º ESO.

9 alumnos/as en 2º ESO.

### Alumnado Exento de Lingua Galega e Literatura

3 alumnas/os en ESO.

### Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Condições de diversidade		ANEAE		
		H	M	TOTAL
Necesidade educativa especial (NEE)	Alumnado con discapacidade superior ao 33% (DI, DA, DM, TDAH) ou diagnóstico de trastorno grave da conduta.	7	2	9
Trastorno de aprendizaxe (TA)	Alumnado con informe psicopedagóxico e/ou clínico que así o indica.	2	1	3
Trastorno por déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)	Alumnado con diagnóstico clínico por TDAH, maioritariamente con predominio inatento.	10	5	15
Altas capacidades (AACC)	Alumnado con informe psicopedagóxico que así o indica.		1	1
Vulnerabilidade socioeducativa (VSE)	Alumnado que presenta factores de vulnerabilidade social, familiar, cultural, étnica, económica ou educativa.	3	13	16
Incorporación tardía (IT)	Alumna que se incorpora este curso con descoñecemento das dúas linguas vehiculares e factores de VSE.	1	1	2
Condições persoais e de historia escolar (CPHE)	Alumnado que presenta dificultades derivadas do contexto ou traxectoria escolar e de situacións persoais.	11	7	18

CONDICIÓN DIVERSIDADE	MAD	H	M	TOTAL	TOTAL GRUPO
<b>1º Educación Secundaria Obligatoria</b>					
NEE	Ordinarias, extraordinarias, recursos extraordinarios	1	0	1	10
TA/VSE	Ordinarias e extraordinarias	1	0	1	
CPHE	Ordinarias	4	4	8	
<b>2º Educación Secundaria Obligatoria</b>					
NEE	Ordinarias e extraordinarias	2	2	4	9
VSE	Ordinarias e extraordinarias	0	1	1	
CPHE	Ordinarias e extraordinarias	2	2	4	
<b>3º Educación Secundaria Obligatoria</b>					
NEE	Ordinarias e extraordinarias	1	0	1	13
TDAH	Ordinarias e extraordinarias	3	0	3	
AACC	Ordinarias	0	1	1	
VSE	Ordinarias e extraordinarias	0	3	3	
CPHE	Ordinarias e extraordinarias	1	3	4	
Incorporación tardía	Ordinarias e extraordinarias	0	1	1	
<b>4º Educación Secundaria Obligatoria</b>					
NEE	Ordinarias e extraordinarias	1	0	1	11
TDA	Ordinarias	2	1	3	
TA	Ordinarias	1	0	1	
VSE	Ordinarias	1	1	2	
CPHE	Ordinarias	2	2	4	
<b>1º Bacharelato</b>					
TDA	Ordinarias	1	0	1	4
CPHE	Ordinarias	2	1	3	
<b>2º Bacharelato</b>					
TDAH	Ordinarias	0	1	1	3
VSE	Ordinarias	1	0	1	

CPHE	Ordinarias	0	1	1	
<b>1º CB Informática de Oficina</b>					
NEE	Ordinarias	1	0	1	5
TDA	Ordinarias	0	2	2	
CPHE	Ordinarias	2	0	2	
<b>2º CB Informática de Oficina</b>					
TDA	Ordinarias	1	1	2	4
TA	Ordinarias	0	1	1	
VSE	Ordinarias	0	1	1	
<b>1º CB Mantenimiento de vehículos</b>					
TDAH	Ordinarias	1	0	1	3
TA/VSE	Ordinarias	2	0	2	
<b>2º CB Mantenimiento de vehículos</b>					
NEE	Ordinarias	1	0	1	1
<b>1º CM Electromecánica de vehículos automóbiles</b>					
TA	Ordinarias	1	0	1	2
Incorporación tardía	Ordianrias	1	0	1	
<b>2º CS Administración e finanzas</b>					
NEE	Ordinarias	0	1	1	1
<b>DS DualDesenvolvemento de aplicacións web</b>					
NEE	Ordinarias	1	0	1	1
<b>TOTAL</b>		<b>3</b>	<b>3</b>	<b>67</b>	<b>67</b>
		<b>6</b>	<b>0</b>		

### Alumnado proposto para ACS

1 alumno de 1º ESO - 2 alumnos/as de 2º ESO

### Alumnado ao que se lle solicitou bolsa de neae

9 alumnos de ESO e FPB

### Programa de Diversificación Curricular

3º ESO: 5 alumnos/as

### Formación Profesional Básica:

CB Mantenimento de vehículos: 9 - CB Informática de oficina: 18

## DECRETO 8/2025 (ART. 11.5): CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

### INTRODUCCIÓN

A concreción do plan de convivencia supón a proposta no marco da convivencia para este curso académico 23/24, tendo como referencia o Plan de Convivencia do Centro.

Segundo recolle o decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, a convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

### CONTEXTO EDUCATIVO CURSO 23/24

ETA PA	Modalidade BAC/ Ciclo FP	CUR SO	M	H	T
ESO		1º	11	10	21
		2º	14	10	24
		3º	12	15	27
		4º	9	9	18

BAC	Humanidades e Ciencias Sociais	1º	5	5	10
		2º	4	6	10
	Ciencias	2º	3	0	3
FP	CB Informática de Oficina	1º/2º	8	9	17
	CB Mantemento de Vehículos	1º/2º	1	10	11
	CM electromecánica de vehículos	1º	0	9	9
		2º	1	6	7
	CS Administración e Finanzas	1º	8	3	11
		2º	7	5	11
FP Dual	CS Desenvolvemento de aplicacións web	-	3	13	16
<b>TOTAL</b>			<b>86</b>	<b>110</b>	<b>195</b>

## ▪ COMISIÓN DE CONVIVENCIA

COMISIÓN DE CONVIVENCIA 23 - 24	
<b>PRESIDENCIA/ DIRECTORA</b>	Ana Jorge Diéguez
<b>XEFA DE ESTUDOS</b>	Tatiana Giménez Lorenzo
<b>SECRETARIO</b>	Luís Ángel Vázquez Vázquez
<b>VICEDIRECTOR/ DOCENTE</b>	Xosé Antón Domínguez López
<b>DOCENTE</b>	Cristina Leis Rodríguez
<b>ALUMNADO</b>	Mónica Peña Rodríguez
<b>FAMILIA</b>	María Olalla Ledo Rodríguez
<b>PAS</b>	Xoán Carlos Lorenzo Álvarez

A Comisión de Convivencia celebrará 3 reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario canta veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

▪ **COORDINADOR/A BENESTAR E CONVIVENCIA**

*(ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.)*

<b>COORDINADORA BENESTAR CONVIVENCIA</b>	<b>E</b>	<b>Carmen Sola Ananín</b>
--	----------	---------------------------

**OBXECTIVOS PLAN DE CONVIVENCIA 23 – 24**

Alumnado

- a) Propiciar a aprendizaxe e práctica de valores, actitudes e comportamentos propios dunha cidadanía democrática.
- b) Favorecer a mediación e o diálogo para a resolución pacífica de conflitos.
- c) Impulsar a participación do alumnado na confección das normas de aula.
- d) Facilitar a aprendizaxe e a integración escolar de tódolos alumnos/as.
- e) Aprender a convivir en grupo favorecendo o respecto, colaboración e axuda.
- f) Implementar valores e habilidades sociais que ensinen como resolver conflitos de modo non violento.
- g) Impulsar a participación na organización e funcionamento da aula de convivencia inclusiva e do centro, potenciando a responsabilidade, autocontrol e cooperatividade.

Profesorado-familia-demaís integrantes da comunidade educativa

- A. Fomentar vínculos de cooperación como medio favorecedor da resolución de conflitos.
- B. Fortalecer a competencia en aspectos de convivencia.

C. Promover o diálogo, a responsabilidade e o compromiso como estratexia de resolución de conflitos.

D. Diseñar un servizo de mediación escolar que se poida poñer en práctica nos vindeiros anos.

### **ESTRATEGIAS/ ACTIVIDADES PREVISTAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO ESCOLAR DURANTE O CURSO 23 – 24**

As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia basearanse nas Normas de Convivencia.

Con carácter xeral intentaremos levar a cabo cada curso as actuacións que se enumeran a continuación, sen desbotar outras que poidamos incluír. De ser así, quedarán descritas na Programación Xeral Anual do curso que corresponda, e se xurde algunha, unha vez este iniciado, serán aprobadas antes da súa realización polo Consello Escolar e incluírémolas na Memoria Anual:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión de Convivencia do centro.
- Fomentar un estilo de liderado que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e asesoramento do departamento de orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso ou ciberacoso, ou calquera outra situación que poida comprometer a convivencia no centro.
- Reunións periódicas dos titores e titoras por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Implantación do procedemento de mediación (unha vez creado este servizo).
- Posibilidade de crear comisións mixtas de investigación sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar, compostas por alumando e

profesorado e de grupos de traballo para deseñar medidas que poden favorecer as relacións interpersoais.

- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das N.O.F.
- Garantir que todas as persoas integrantes da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de tódalas competencias básicas, en especial as competencias persoal, social e de aprender a aprender e a competencia cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global da convivencia no centro. A información obtida a través deste rexistro servirá para modificar este plan ao inicio de cada curso escolar.
- Divulgar entre o profesorado, alumando e familias orientacións básicas sobre o acoso/ ciberacoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso/ciberacoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias, correo electrónico de solicitude de axuda,...
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas, desprazamentos as aulas específicas,...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo.
- Diversificar a oferta de ocio no recreo co fin de crear unha convivencia inclusiva no tempo de lecer.
- Abordar nas titorías estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Difusión da posta en marcha da Aula de Convivencia Inclusiva.
- Promover a participación de toda a comunidade educativa nas conmemoracións de datas de especial relevancia para a promoción da convivencia no centro.
- Desenvolvemento de programas de mellora da convivencia: programas específicos de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais... Estes programas deseñaranse para as diferentes persoas integrantes da comunidade educativa:



Profesorado: materiais e documentos, protocolos de actuación para os casos máis frecuentes, guías, etc.

- Familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia, comunicación efectiva e afectiva, estilos educativos.
- Alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.

ACTIVIDADE E BREVE RESUMO DA MESMA	DESTINATARIOS	DATA PREVISTA
<b>Obradoiros solicitados a través da ANPA</b> - Obradoiro sobre o bo trato. - Obradoiro comunicándonos entre iguais.	ESO	Pendente
<b>Obradoiro Iniciación segura á pegada dixital e as redes sociais.</b> Proposto e solicitado á Consellería de Educación.	2º ESO	Pendente
<b>Contratos - programa</b> Programas QUÉDATE, IGUÁLATE, CONVÍVETE, INCLÚETE, EMOCIÓNATE	ESO - FP	Pendente
<b>Plan Director</b> Obradoiros sobre ciberseguridade, ciberacoso e adiccións.	ESO - FP	Pendente
<b>QUÉROTE +</b> Obradoiro de educación afectivo- sexual	3º ESO	Pendente
<b>Charlas UAD</b> Charlas para a prevención do consumo de drogas	ESO - FP	2º e 3ºT
<b>Orientación Acedémica e Profesional</b> Obradoiros, charlas e visitas dirixidas ao coñecemento do alumnado do tecido educativo e empresarial.	ESO FB BAC	2º e 3ºT

## SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento e avaliación do PAT levarase a cabo en tres momentos principais:

- **Avaliación inicial:** Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do Consello Escolar, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e das aportacións dos Departamentos Didácticos, cando as houbese.

- **Avaliación do proceso:** Recollida de información a través das reunións ordinarias da Comisión de Convivencia e do desenvolvemento dos diferentes plans do centro educativo: PAT, PXAD, Plan de Orientación, Plan de Igualdade, etc. Así como da enquisa de diagnose da convivencia, dentro da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.
- **Avaliación final:** Realización dunha memoria cos datos aportados, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc.

## **ORDES DO 12 DE MAIO DE 2011 (CENTROS PLURILINGÜES/ AUXILIARES DE CONVERSA)**

### **Mecanismos de seguimento e avaliación do programa (centros plurilingües)**

Este ano o noso centro ten ensinanza plurilingüe unicamente no 1º curso do Ciclo Superior DUAL de Desenvolvemento de aplicacións web.

O módulo Base de datos impartirase en inglés e a auxiliar de conversa entrará na aula dúas horas semanais desde o 1 de outubro ata o 31 de maio. O profesor do módulo así como a auxiliar estarán coordinados por Dona Cristina Leis Rodríguez, coordinadora do programa plurilingüe no curso 2023/2024. Os mecanismos de avaliación recolleranse na programación do módulo e o seguimento efectuarase con carácter trimestral.

### **Mecanismos de seguimento e avaliación (auxiliar de conversa)**

Este ano o noso centro conta cunha Auxiliar de Conversa , Ana Eduarda Alves Pires, que prestará o seus servizos desde o 1 de outubro até o 31 de maio e realizará o seu labora de apoio tanto na ESO, como en Bacharelato e en Formación Profesional.

A persoa auxiliar de conversa é licenciada recentemente á que non se lle poden atribuír as responsabilidades propias do profesorado titular, polo que non poderá impartir docencia en solitario.

A persoa Auxiliar de Conversa asistirá ao profesorado CLIL, con prioridade, e profesorado especialista de linguas estranxeiras e as súas funcións específicas irán fundamentalmente encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado.

A persoa auxiliar deberá contar cunha persoa coordinadora que lle oriente nos seus cometidos e lle ofrezca asistencia tanto a nivel profesional como persoal. A persoa designada polo noso centro para realizar esta función de coordinación para o curso 2023/24 é a xefa do Departamento de Inglés Dona Cristina Leis Rodríguez., que será a persoa de referencia a quen acuda a auxiliar para resolver calquera incidencia ou problema que poida xurdir durante a súa adscrición ao centro.

O primeiro día de incorporación ao centro, a Dirección enviará a seguinte documentación:

Anexo I - Folla de incorporación, coa data na que esta tivo lugar.

Anexo II - Horario. No caso de centros compartidos, o horario en ambos centros.

Anexo III - Aceptación de destino e declaración responsable.

Documento que identifica o NIE.

Documento do certificado bancario.

Certificado de Delitos de Natureza Sexual.

A persoa auxiliar de Conversa percibirá unha axuda mensual de 935,00 euros.

A Dirección do centro remitirá á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a certificación para a concesión da axuda económica que percibirá a persoa auxiliar de conversa.

Este certificado (ANEXO IV) deberá ser enviado escaneado en formato PDF seguindo indicacións que serán remitidas cada trimestre e de acordo coa seguinte temporalización:

1º certificado antes do 12 de decembro de 2022	certificado trimestral <u>único</u> de outubro, novembro e decembro. Con data do <b>31 de decembro 2022.</b>
2º certificado antes do 13 de marzo de 2023	certificado trimestral <u>único</u> correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Con data do <b>31 de marzo de 2023.</b>
3º certificado antes do 22 de maio de 2023	certificado bimensual <u>único</u> correspondente aos meses de abril e maio. Con data do <b>31 de maio de 2023.</b>

A persoa auxiliar de conversa deberá xustificar as ausencias á Dirección do centro e no caso de ausencias inxustificadas aboarase a parte proporcional ao período que corresponda. (Orde do 12 de maio de 2011, Artigo 4.5, Artigo 9.2. DOG de 20).

A persoa auxiliar gozará dos días festivos e vacacións estipuladas no calendario escolar do centro.

Os permisos das persoas auxiliares de conversa NON están suxeitos á ORDE de 29 de xaneiro de 2016 e modificacións posteriores en relación a permisos de ausencia do centro educativo.

Casos excepcionais: A Dirección do Centro poderá conceder permisos por asuntos particulares, sen a intervención da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa se se trata de períodos dunha semana ou inferiores.

Neste caso, a persoa auxiliar deberá acordar coa Dirección do centro e coa persoa coordinadora, e sempre co visto bo da Dirección do centro, un plan de recuperación de clases.

Ao finalizar a adscrición da persoa auxiliar de conversa, a Dirección deberá:

- Entregar á persoa auxiliar de conversa un certificado acreditativo dos servizos prestados (anexo VI) con indicación do número de horas semanais e datas de inicio e cese.
- Remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a memoria realizada pola persoa auxiliar de conversa ao finalizar a súa actividade.

Así mesmo, ao finalizar o curso escolar a persoa directora do centro educativo deberá remitir a memoria realizada pola persoa coordinadora sobre a actuación da persoa auxiliar de conversa, a memoria da persoa auxiliar de conversa e a proposta de boas prácticas á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola vía que se lle notificará antes de que remate o Programa.

## PROGRAMAS EDUCATIVOS

Aprobada a participación nos Programas educativos no Consello escolar do 28 de xuño de 2023, solicitaronse os seguintes:

- **Plans Proxecta**
- **Plan Proxecta: 10. Donas de si.** Coordinador: Guillermo Rodríguez Vega.
- **Plan Proxecta: 20. Proxecto Ríos.** Coordinadora: Sabela Domínguez López
- **Plan Proxecta: 31. Correspondentes xuvenís.** Coordinador: Xosé Antón Domínguez López.

- **Proxectos de éxito educativo**

- **Polos Educativos.** Coordinador: José Antonio Núñez Rodríguez.
- **CONTRATOS-PROGRAMA (CP Inclúe)**

Actuacións solicitadas:

01. QUÉDA-T

02. IGUÁLA-T

03. CONVIVE-T

04. INCLÚE-T

05. EMOCIÓNNA-T.

- **CONTRATOS-PROGRAMA (CP Innova.)**

01. EDUinnova. O centro docente como entorno innovador

- **Polos Creativos.** Coordinador : José Antonio Núñez
- **Acreditación en lingua estranxeira Inglés.**

### Introdución

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

Para impulsar este modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (CEUFP), xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, así como as Instrucións do 6 de setembro para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019 – 2020.

Apoiándonos nestes piares e tendo en conta os principios que como centro educativo recollemos no noso Proxecto Educativo: Transversalidade, Inclusión e Igualdade de oportunidades, presentamos o Plan de Igualdade para o IES Val do Asma, pretendendo dar visibilidade, organizar e concretar o desenvolvemento de accións para o logro da Igualdade entre homes e mulleres.

### Contextualización normativa e do centro.

A lexislación actual en todos os niveis, europeo, estatal e galego, constitúe a base da política de igualdade e diversidade que debemos establecer nos centros educativos de Galicia para garantir o pleno desenvolvemento de todas e cada unha das persoas que forman parte da comunidade educativa.

## **ÁMBITO EUROPEO**

- b) Tratado de Funcionamento da Unión Europea:  
Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes.

## **ÁMBITO ESTATAL**

- c) Constitución Española (1978).  
d) Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.  
e) Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.  
f) Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.  
g) Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.  
h) Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e ensinanza mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

## **ÁMBITO AUTONÓMICO**

- Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

